

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2026**

Ás 16.43 horas do día 20 de maio de 2026, reúnese a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Francisco Lorenzo López

Deputado non adscrito:

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2026 (EXP. Nº 2026/26L/CI).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de abril de 2026.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos do día 22 de abril de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR AUTORIZACIÓN DE OBRAS E INSTALACIÓNS OU A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO DOMINIO PÚBLICO VIARIO E NA ZONA DE PROTECCIÓN DAS ESTRADAS PROVINCIAIS E POR VERIFICACIÓN DE ACTUACIÓNS SUXEITAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE (EXP. Nº 2026/6193L)

A **Presidencia** sinala que, por acordo dos grupos, se realizará debate conxunto dos puntos 2 e 3 da orde do día desta sesión.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta.

Don Bernardo Varela López, do BNG, sinala que, sen prexuízo dos informes e estudos técnico – económicos do expediente, lle chama a atención que algúns importes dos propostos semellan elevados, como por exemplo a corta de arborado ou outras actuación suxeitas a declaración responsable se graven con 219 euros.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que vai na mesma liña que o manifestado polo voceiro do BNG polo que solicita que se revisen os importes propostos para estas taxas.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, manifesta que se trata de propostas técnicas e cuxos importes veñen perfectamente motivados e son consecuencia do estudo económico que figura en cada un dos expedientes.

A **Presidencia** pecha o debate indicando que se estudará novamente a proposta formulada para ambas as dúas taxas.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG, de Democracia Ourenzana (2) e do deputado non adscrito (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e instalacións ou a realización de actividades no dominio público viario e na zona de

protección das estradas provinciais e por verificación de actuacións suxeitas a declaración responsable, co seguinte contido:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorización de obras e instalacións ou a realización de actividades no dominio público viario e na zona de protección das estradas provinciais e por verificación de actuacións suxeitas a declaración responsable.

Artigo 1. Natureza e fundamento.

1. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), e o artigo 132 do RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do TRLRHL, establece a taxa por prestación de servizos relacionados co outorgamento de autorizacións de obras e instalacións ou a realización de actividades no dominio público viario e na zona de protección das estradas provinciais e pola actividade de control das actuacións suxeitas a declaración responsable, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Estradas provinciais, limitacións á propiedade e usos autorizables.

1. Para os efectos desta ordenanza e, de conformidade co disposto no artigo 10.1 da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG), entenderase por estradas provinciais as que como tal estean identificadas e inventariadas no Catálogo de estradas da Deputación Provincial de Ourense.
2. A delimitación de zonas nas que se establecen limitacións á propiedade axustarase ao disposto nos artigos 37 a 42 da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG) e os artigos 96 a 102 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (REG). Se a devandita normativa fose modificada pola Xunta de Galicia, esta entenderase de inmediata aplicación a esta ordenanza.
3. Os usos autorizables serán os que como tales así figuren nos artigos 43 a 45 da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG) e nos artigos 105 a 108 e 121 a 154 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (REG).
4. Os usos suxeitos a declaración responsable serán os previstos no artigo 45.bis da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG).
5. Os usos permitidos sen título habilitante serán os previstos no artigo 45.ter da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG).

Artigo 3. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade provincial, técnica e administrativa, tendente a:
 - a. Informar e autorizar os usos nas zonas de dominio público, de servidume e de afectación cando este sexa o título habilitante necesario, de conformidade co disposto nos artigos 43 a 45 da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG).
 - b. Informar e verificar se os usos suxeitos a declaración responsable, de acordo co artigo 45.bis da Lei 8/2013 de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG), cumpren cos requisitos establecidos na devandita disposición.
 - c. Calquera outra actividade motivada pola realización de usos nas áreas de dominio público, servidume e afectación en estradas provinciais.

Artigo 4. Non suxeición

Non estarán suxeitas ao pagamento da taxa as solicitudes de información de carácter xeral en relación coa normativa vixente para poder realizar unha determinada actuación ou aquelas nas que se solicita un uso puntual da estrada para un aproveitamento especial (exemplo: festas, transporte especiais ou probas deportivas).

Artigo 5. Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades a que fai referencia o artigo anterior.

Artigo 6. Responsables.

Responderán das obrigas tributarias do suxeito pasivo solidaria ou subsidiariamente, segundo os casos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 7. Cota tributaria.

A cota tributaria que procede abonar en concepto de taxa por prestación do servizo de informe, autorización para execución de obras e actuacións nas zonas de dominio público e na zona de protección das estradas provinciais, ou actuacións de comprobación nos usos suxeitos a declaración responsable, determinarase en función do tipo de actividade solicitada:

- a) Taxa unitaria por actividade de **228,01 €**, para todas as solicitudes das obras instalacións ou actividades en **zona de protección** que requiran dun recoñecemento previo do terreo para a elaboración do informe:
- Parcelacións e segregacións
 - Cultivos e outros labores agrícolas que modifican a topografía do terreo e instalacións agrícolas de rego por aspersion
 - Movementos de terra e explanacións.
 - Plantación arboredo.
 - Peches e muros de sostemento de noiros ou ladeiras
 - Depósitos provisionais ou permanentes de materiais ou maquinaria.
 - Obras imprescindibles para o acceso á urbanización e, excepcionalmente, viarios, aparcamentos, illotes e zonas axardinadas de uso público
 - Construción, reconstrución ou ampliación de edificacións e outras estruturas, por encima ou por debaixo da rasante do terreo.
 - Obras de mantemento, conservación e rehabilitación en edificacións, instalacións e peches preexistentes.
 - As instalacións industriais, canteiras e explotacións agrícolas e gandeiras.
 - As instalacións deportivas ao aire libre
 - Os depósitos subterráneos, surtidores de aprovisionamento e marquesiñas das estacións de servizo.
 - As torres de telecomunicacións, xeradores eólicos, silos ou calquera outro tipo de estrutura na que predomine a dimensión vertical sobre o resto.
 - Instalacións de alumeadado de titularidade privada.
 - Cambios de uso de edificacións, urbanizacións e instalacións existentes
 - Elementos de publicidade.
 - Calquera uso ou actuación permitido en dominio público provincial ou dominio público adxacente cando se execute na zona de servidume ou de afección.
- No suposto de que a actuación afecte simultaneamente á zona de protección e ao dominio público, será de aplicación a taxa prevista na letra b) do presente artigo.
- b) Taxa unitaria por actividade de **367,37 €**, para todas as solicitudes das obras instalacións ou actividades en **dominio público** provincial e dominio público adxacente que requiran dun seguimento especial da actuación por persoal técnico do servizo:

- a. Cruzamentos subterráneos ou aéreos que sexan imprescindibles para darlles continuidade ás redes e infraestruturas de servizos públicos ou para conectarse a eles.
- b. Pasos inferiores ou superiores.
- c. Obras de acceso á propia estrada.
- d. Excepcionalmente:
 - i. apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos cando sexan empregados de xeito compartido coa rede de iluminación pública, fóra dos seus treitos urbanos e sempre que non se trate de apoios de redes eléctricas de alta tensión.
 - ii. conducións subterráneas lonxitudinais correspondentes a redes e infraestruturas de servizos públicos, cando se xustifique debidamente que polas condicións extremadamente dificultosas da orografía do terreo, ou pola súa condición urbana, non existe outra solución tecnicamente viable, ou se trate da reposición de conducións afectadas polas obras de estradas, e se sitúen, preferentemente, fóra da calzada e, cando sexa posible, tamén das súas beiravías.
- e. Elementos, obras, actuacións e instalacións necesarios para que as administracións públicas poidan exercer as súas competencias, tales como pavimentación das vías públicas, urbanización de espazos públicos, mobiliario urbano, axardinamentos, alumeadado público, recollida de residuos, transporte público, infraestruturas de transporte ou outros análogos, cando pola súa natureza ou funcionalidade non poidan ter outra colocación.
- f. Elementos que formen parte de servizos básicos de abastecemento ou saneamento para uso residencial e que non poidan ter unha situación máis separada da estrada que a da liña límite de edificación
- g. As instalacións provisionais, cun prazo fixado:
 - i. asociadas a actividades de interese, de uso ou de acceso público.
 - ii. para a realización de actividades relacionadas coa conservación ou construción de instalacións industriais ou de edificacións.
- h. As obras, instalacións e usos provisionais de interese particular en terreos afectados por anteprojectos, proxectos de trazado e proxectos de construción aprobados definitivamente e cuxas obras non se iniciasen.

- i. Os depósitos provisionais de materiais ou maquinaria, asociados a actividades de interese ou uso público sempre que se sitúen fóra da calzada e das súas beiravías, non teñan fins lucrativos e non inflúan negativamente na seguridade viaria.
 - j. A instalación dun único apoio pertencente a unha rede ou infraestrutura aérea de servizos públicos para cada paso da rede aérea a canalización subterránea, e de subterránea a aérea
 - k. Demolicións.
- c) Taxa unitaria por actividade de **219,78 €**, para a comprobación das actuacións suxeitas a **declaración responsable** e precisadas no artigo 45 bis da Lei de estradas de Galicia, isto é, traballos de escasa complexidade e entidade técnica ou económica e que non produzan cambio de uso nin incremento de volume edificado por riba o por baixo da rasante e non afecten á estrutura ou a á cimentación, na zona de servidume e na zona de afección:
- a. O pintado e a impermeabilización de fachadas.
 - b. O cambio de fiestras.
 - c. A substitución de tellados.
 - d. Calquera outra actuación de mera conservación e mantemento de edificacións, instalacións e peches
 - e. As cortas de arboredo.

Artigo 8. Exencións e bonificacións.

Só se admitirán as que veñan establecidas en normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 9. Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade que constitúe o seu feito impositivo. Entenderase iniciada esta actividade na data de presentación da declaración responsable, solicitude de autorización de obra ou de informe.
2. Cando as obras ou as actuacións se iniciasen ou executasen sen obter a autorización necesaria ou sen presentar a declaración responsable, a taxa devengarase unha vez iniciada efectivamente a actividade provincial conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable, independentemente das actuacións sancionadoras e/ou de restablecemento da legalidade que, no seu caso,

correspondan. Para estes efectos, considerase o acto de comprobación como a iniciación da devandita actividade.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, de ningún modo se verá afectada pola denegación da autorización ou pola concesión desta, condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licencia.

Artigo 10. Normas de xestión

1. A taxa xestionarase en réxime de autoliquidación cando o servizo se preste a solicitude do interesado, practicándose a correspondente liquidación cando se preste de oficio.
2. As persoas interesadas presentarán a solicitude segundo o modelo normalizado, sinalando o tipo de actuación de entre as opcións existentes. Unha vez se valide a citada solicitude, xerarase automaticamente a taxa autoliquidable. Non admitirá para a súa tramitación ningunha solicitude que non leve adxunto a acreditación do pago da taxa.
3. Se o servizo responsable detectase durante a tramitación da solicitude que as taxas aboadas non corresponden coa solicitude presentada, requirirase á persoa interesada para que realice o ingreso correspondente de acordo co determinado no artigo 7 da presente ordenanza, con indicación de que se así non o fixera se lle terá por desistido da súa petición.
4. Cando os servizos provinciais comprobem que se están exercendo actos suxeitos a gravame, sen a preceptiva autorización, considerase o acto de comprobación como a iniciación do trámite desta última, con obriga do suxeito pasivo de satisfacer a taxa liquidada e notificada pola administración.
5. Unha vez se realicen as tramitacións oportunas a área de Infraestruturas emitirá unha resolución sobre a solicitude que poderá ser estimatoria ou desestimatoria. No caso de que a solicitude teña carácter desestimatorio non se devolverán as taxas aboadas polas persoas interesadas.

Artigo 11. Presentación de solicitudes e autoliquidación.

1. As persoas interesadas en obter informe ou autorización ou presentar declaración responsable para realizar as obras nos terreos situados nas zonas contiguas ás estradas provinciais ou a prórroga dunha autorización concedida presentarán preferiblemente por vía electrónica, a solicitude correspondente, na que se inclúe a autoliquidación da taxa, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede

electrónica da Deputación de Ourense,

https://sede.depourense.es/sta/CarpetaPublic/doEvent?APP_CODE=STA&PAGE_CODE=PTS2_HOME

2. A presentación electrónica será obrigatoria para todas aquelas persoas obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes/declaracións e autoliquidacións presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da Sede electrónica de Deputación de Ourense.

Artigo 12. Infraccións e sancións.

1. Nesta materia estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- As autorizacións das obras concedidas caducarán no prazo de dous anos dende a notificación da resolución. Transcorrido o prazo marcado, sen que as obras fosen terminadas, a autorización considerárase caducada a calquera efecto, debendo solicitarse unha nova licenza e aboar, tamén novamente a taxa que corresponda. Con todo, o interesado poderá solicitar, unha prórroga do prazo concedido para a execución das obras autorizadas, que deberá producirse, en todo caso, antes do vencemento do citado prazo.

Segunda.- A exacción desta taxa será compatible coa taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente ordenanza quedará derrogada a Ordenanza reguladora da taxa por autorización de obras e outros aproveitamentos situados nas zonas contiguas ás estradas provinciais, publicada no Boletín Oficial de Ourense nº 295 de data 27 de decembro de 1995.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Segundo: Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo iso de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto

Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

Terceiro: Derrogar expresamente, con efectos desde a entrada en vigor da nova Ordenanza fiscal, a Ordenanza reguladora da taxa por autorización de obras e outros aproveitamentos situados nas zonas contiguas ás estradas provinciais, publicada no Boletín Oficial de Ourense nº 295, do 27 de decembro de 1995, quedando esta última sen efecto a partir do dito momento.

3º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓNS PRIVATIVAS E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS EN VÍAS PROVINCIAIS (EXP. Nº 2026/6195K)

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto 2º da orde do día.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (2), de Democracia Ourenzana (2) e do deputado non adscrito, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais, co seguinte contido:

Artigo 1. Natureza e fundamento.

1. O Pleno da Deputación Provincial de Ourense, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), e o artigo 132 do RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL), e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do TRLRHL, establece a taxa por autorizacións para realizar utilizacións privativas e aproveitamentos especiais en vías provinciais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Esta taxa ten por obxecto compensar ao común dos cidadáns das limitacións que no uso do dominio público provincial se impoñen polas utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais do dominio público por parte das persoas físicas ou xurídicas que realizan ditos aproveitamentos.

Artigo 2. Estradas provinciais, limitacións á propiedade e usos autorizables.

1. Para os efectos desta ordenanza entenderase por estrada provincial toda vía de dominio e uso público proxectada e construída fundamentalmente para a circulación

de vehículos automóbiles que, discorrendo o seu itinerario na provincia de Ourense, sexa titularidade da Deputación Provincial de Ourense e como tal estea identificada e inventariada no seu Catálogo de estradas.

2. A delimitación de zonas nas que se establecen limitacións á propiedade axustarase ao disposto nos artigos 37 a 42 da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG) e os artigos 96 a 102 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (REG). Se a devandita normativa fose modificada pola Xunta de Galicia, esta entenderase de inmediata aplicación a esta ordenanza.
3. Os usos autorizables serán os que como tales así figuren nos artigos 43 a 46 da Lei 8/2013, de 28 de Xuño, de estradas de Galicia (LEG) e nos artigos 105 a 108 e 121 a 154 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia (REG).

Artigo 3. Feito impoñible.

1. Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público das estradas provinciais no seu chan, subsolo e voo, e en particular algún dos seguintes feitos
 - a. A ocupación dos terreos de dominio público con instalacións provisionais para a realización de actividades relacionadas coa conservación ou construción de instalacións industriais ou de edificacións (valos, puntais, estadas, asnillas, guindastres e outras instalacións análogas).
 - b. A apertura de gabias, calicatas e calas en terreo de uso público para a instalación e reparación de canos, conducións e outras instalacións ou realización de sondaxes, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.
 - c. A ocupación do dominio público con elementos que formen parte de servizos básicos de abastecemento ou saneamento para uso residencial (contadores, chaves, acometidas, etc).
 - d. As conducións subterráneas e aéreas (paralelismos e cruzamentos) que ocupen o dominio público viario
 - e. A ocupación do dominio público con apoios de redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos cando sexan empregados de xeito compartido coa rede de iluminación pública fóra dos seus treitos urbanos (excluída a alta tensión)

ou dun único apoio para cada paso da rede aérea a canalización subterránea, e de subterránea a aérea

- f. As obras de acceso ás estradas para vehículos de calquera clase.
- g. A reserva especial de parada de vehículos e de carga ou descarga de mercadorías de calquera clase e os vaos.
- h. A colocación de elementos, obras, actuacións e instalacións necesarios para que as administracións públicas poidan exercer as súas competencias, tales como pavimentación das vías públicas, urbanización de espazos públicos, mobiliario urbano, axardinamentos, alumeadado público, recollida de residuos, transporte público, infraestruturas de transporte ou outros análogos.
- i. Os pasos inferiores ou superiores.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público das estradas provinciais a que fai referencia o artigo anterior.
2. No suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público provincial con entrada de vehículos de calquera clase a través das beirarrúas, serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios dos terreos e locais aos que dean acceso as ditas entradas de vehículos que poderán, no seu caso, repercutir as cotas sobre os respectivos beneficiarios.
3. Presumirase, salvo proba en contra, que o feito impoñible é realizado pola persoa ou entidade que figure como titular do correspondente título habilitante da utilización privativa, da ocupación ou aproveitamento especial do dominio público.
4. Se o suxeito pasivo non coincidira co titular do título habilitante este terá carácter de responsable solidario.

Artigo 5. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
2. Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 6. Cota tributaria.

1. O importe da cota tributaria fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento se os bens non fosen de dominio público.
2. As cotas destas taxas serán as que resulten da aplicación do tipo de gravame do 2% anual ao valor de mercado do terreo afectado pola utilización privativa ou aproveitamento especial.
3. Os valores de mercado dos terreos, en termos de euro por metro cadrado afectado pola utilización ou aproveitamento, son os que resultan do Mapa de Valores das estradas provinciais de Ourense que se inclúe como anexo desta Ordenanza.
4. Nos casos nos que o aproveitamento sexa por período inferior ó anual a cota prorratearase por meses naturais completos, computándose como mes completo o de inicio e o de cese da utilización ou aproveitamento. No resto dos casos computaranse como anos completos aos efectos de determinar o importe da cota tributaria os anos que abarque a duración da utilización privativa ou do aproveitamento que conste no acordo de licencia, concesión o autorización.

Artigo 7. Exencións e bonificacións.

1. Só se admitirán as que veñan establecidas en normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 8. Devengo, esixibilidade e depósito previo.

1. A taxa devindicarase no momento no que se inicie a utilización ou aproveitamento, pola totalidade do prazo ao que vaia a estenderse.
2. O importe total da taxa esixirase en calidade de depósito previo no momento de presentarse a solicitude de concesión de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público provincial. A utilización ou aproveitamento non se poderá autorizar en tanto non se ingrese o depósito previo.
3. A duración da utilización privativa ou do aproveitamento será a que conste no acordo de licencia, concesión o autorización, esixíndose o depósito previo pola totalidade de anos aos que afecte a solicitude, computándose estes como anos completos.

Artigo 9. Liquidación

1. A taxa liquidarase unha vez presentada a solicitude de concesión, licenza ou autorización para realizar a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público provincial, e antes de proceder á tramitación do expediente de concesión da utilización ou aproveitamento.

2. Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público provincial sen licenza procederase a liquidar e notificar a débeda, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Non se liquidarán as taxas cuxo importe resulte inferior a 10 euros.

Artigo 10. Ingreso.

1. O ingreso da taxa deberase realizar unha vez recibida a notificación da liquidación, e, en todo caso, con anterioridade á concesión da autorización da utilización ou aproveitamento.
2. O pagamento desta taxa realizarase en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen na notificación da liquidación, nas oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

Artigo 11. Infraccións e sancións.

2. Nesta materia estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

Artigo 12. Normas de xestión.

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión de autorización ou licencia para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público provincial ao que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude de autorización ou licencia segundo o modelo de solicitude de autorización de actividades en estradas no que defina a obra, uso ou actividade a realizar, a estrada e punto quilométrico, a duración estimada e o proxecto, no caso de ser necesario, achegándolle o plano de situación, e detalle da lonxitude ou superficie do aproveitamento. No caso de solicitudes de autorización para acceso á estrada ou vado, ademais da documentación exixida con carácter xeral, deberán indicar o uso a que se pretende destinar. Será necesario presentar xunto coa solicitude de autorización ou licencia un proxecto de obras ou instalacións que se pretendan executar nos casos recollidos no artigo 157 do regulamento de Estradas.
2. A unidade competente da Área de Infraestruturas examinará o expediente, comprobará a realidade dos datos da solicitude e a viabilidade previa das obras e instalacións solicitadas. O inicio do expediente será comunicado. Posteriormente, a unidade tramitadora gravará as taxas que resulten aplicables para a súa liquidación e notificación ao obrigado tributario polo servizo de xestión tributaria e recadación e

comunicará a esixencia de garantía, cando esta proceda, que deberá ser constituída polo solicitante.

3. Aboadas taxas e aportada a garantía (cando esta última proceda) a unidade competente da Área de Infraestruturas sinalará as condicións facultativas para a súa execución. Finado o trámite de audiencia, o instrutor elevará o expediente á Presidencia ou ao Deputado Delegado que resolverá á vista do mesmo sobre a solicitude presentada. Na resolución serán fixadas as condicións nas que se outorga a autorización ou os motivos polos que se denega. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será de seis meses. Os efectos do silencio administrativo son desestimatorios.
4. Non se pode realizar ningunha obra sen a licenza previa administrativa e o pagamento da taxa correspondente.
5. No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo. Tamén poderán solicitar a devolución da taxa cando por causas non imputables ao obrigado ao pago da mesma, non teña lugar a utilización privativa ou o aproveitamento especial.
6. O depósito provisional non implica ningún dereito e non faculta para realizar os aproveitamentos solicitados.

Artigo 13. Outras obrigacións do usuario.

1. A realización en dominio público viario das actuacións que se relacionan no artigo 3 requirirá a constitución polas persoas interesadas dunha garantía. A garantía manterase durante o prazo dun (1) ano desde a data da acta de conformidade, transcorrido o cal sen que se apreciase desviación con respecto ás condicións das autorizacións nin se ocasionasen danos ou perdas ao dominio público viario, a Deputación provincial autorizará a devolución da garantía constituída.
2. A persoa titular da autorización responderá dos danos e prexuízos causados por vicios ocultos da construción durante vinte (20) anos a contar dende a data da acta de conformidade.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente ordenanza quedará derogada a Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola utilización privativa ou o aproveitamento especial das vías provinciais, publicada no Boletín Oficial de Ourense nº 298, do 30 de decembro de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Segundo: Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo iso de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

Terceiro: Derrogar expresamente, con efectos desde a entrada en vigor da nova Ordenanza fiscal, a Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola utilización privativa ou o aproveitamento especial das vías provinciais, publicada no Boletín Oficial de Ourense nº 298, do 30 de decembro de 1998, quedando esta última sen efecto a partir do dito momento.

4º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO DE 2026 (EXP. Nº 2025/13098F)

Dª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta.

Don Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se os créditos que se declaran non dispoñibles se refiren a prazas que están orzamentadas pero que non van a ser obxecto de cobertura en todo ano ou polo menos en parte do ano.

Dª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, aclara que hai un pouco de todo nas aplicacións orzamentarias que se declaran como non dispoñibles, pero que algunha si se refire ao suposto indicado.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (2), de Democracia Ourenzana (2) e do deputado non adscrito (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente da adopción de medidas coercitivas do artigo 25.1.a) da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, declarándose non dispoñibles os seguintes créditos e procedendo a retelos para a súa non utilización, sendo o estado das aplicacións orzamentarias afectadas o seguinte:

No orzamento do persoal funcionario:

Cod programa	12000	12100	12101	16000	
16111	44.088,20 €	28.569,12 €	50.970,93 €	58.716,70 €	
24111	17.749,72 €	9.603,65 €	16.611,52 €	12.990,42 €	
33416	5.349,85 €	1.888,98 €	5.437,66 €		
33417	14.419,69 €	9.603,65 €	15.762,95 €		
33418	5.349,85 €	1.888,98 €	5.437,66 €		
34211	28.839,38 €	19.207,30 €	31.525,90 €	62.466,80 €	
41411	9.711,40 €	7.012,61 €	12.633,77 €		
45311	99.677,85 €	62.506,63 €	131.290,04 €	146.045,17 €	
92001	79.946,33 €	41.828,14 €	81.520,42 €	377.837,93 €	
92013	53.612,04 €	32.574,95 €	61.303,32 €		
92014	33.737,01 €	21.235,98 €	38.725,43 €		
92016	9.711,40 €	5.739,34 €	11.822,10 €		
93111	33.351,07 €	18.194,89 €	35.794,85 €		
93211	37.799,33 €	21.399,24 €	39.503,70 €		
93411	9.711,40 €	5.739,34 €	11.822,10 €		
Total					
Funcionarios	483.054,52 €	286.992,80 €	550.162,35 €	658.057,02 €	1.978.266,69 €

E no orzamento do persoal laboral fixo:

Cod programa	13000	13002	16000
16201	38.284,42 €	62.545,62 €	55.395,78 €
17111	9.997,08 €	19.865,12 €	
33211	691,16 €	2.860,00 €	
33412	1.651,85 €	2.941,46 €	
33413	8.287,71 €	15.050,36 €	
33418	15.779,16 €	26.500,56 €	
34211	16.466,84 €	28.650,24 €	68.974,67 €
41411	45.951,70 €	81.054,38 €	
45011	32.239,03 €	60.942,51 €	
45311	194.005,49 €	337.317,59 €	309.116,85 €
45312	26.356,01 €	47.387,24 €	
92012	7.544,00 €	11.820,28 €	

Total Laborales 397.254,45 € 696.935,36 € 433.487,30 € **1.527.677,11 €**

O que suma un importe total de 3.505.943,80 €, que é a cantidade solicitada.

SEGUNDO. Comuníquese a decisión á Intervención para os efectos oportunos e remítase e remítase ao órgano de tutela financeira da Comunidade Autónoma.

5º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS FACULTADES DE RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS MULTAS POR INFRACCIÓN AO TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA, ASÍ COMO ÁS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE CIRCULACIÓN DO CONCELLO DA RÚA (EXP. Nº 2026/8459P)

Dª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta. Engade que con esta delegación e coa prevista para o 2027 de toda a recadación do Concello do Barco de Valdeorras, cobra moito máis sentido a proposta deste grupo de goberno de dotar á comarca de Valdeorras dunha oficina estable de recadación provincial.

Don Bernardo Varela López, do BNG, manifesta que desde o Servizo de Recadación da DPOU se está a facer un importante traballo e esforzo na tramitación deste tipo de sancións e lembra que o Concello de Allariz foi dos primeiros en delegar esta materia. A continuación solicita que a medio prazo se valore a posibilidade de que se asuma tamén por esta Deputación a recadación das sancións que se poidan impoñer polas obrigas dos particulares de xestión da biomasa, xa que a Deputación ten moita máis capacidade de actuar en vía executiva incluso con embargos.

Dona Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, sinala que se tomará en consideración esta proposta en función dos recursos dispoñibles.

Non se producen intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e do BNG (2), e a abstención de Democracia Ourenzana (2) e do deputado non adscrito (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo: Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de A Rúa a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 11 de maio de 2026, das facultades de recadación, en período voluntario e executivo, das débedas correspondentes a multas por infraccións do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria e ás ordenanzas municipais de circulación impostas polo concello

de A Rúa, nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía voluntaria e en executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Sen prexuízo da colaboración na tramitación por parte da Deputación Provincial de Ourense, corresponde a incoación, instrución e resolución do procedemento sancionador aos órganos administrativos do concello de A Rúa que teñan atribuídas ditas competencias dentro do concello.
- c) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao ingreso de dereito público ao que se refire.
- d) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga do período executivo que corresponda en cada caso, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- e) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

6º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 5/2026 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2026/8480Y)

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta.

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval, deputado non adscrito, sinala que esta proposta de modificación das bases de execución do orzamento provincial lle parece acaída e asumible. Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6), e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (2), de Democracia Ourenzana (2) e do deputado non adscrito, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 5/2025 de modificación das bases de execución do Orzamento vixente da DPOU, do seguinte xeito:

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria celebrada o 30 de abril de 2026, aprobaba inicialmente o expediente de modificación de créditos número 4/2026 dos orzamentos da entidade para o exercicio 2026.

Este expediente publicouse no BOP número 82 de 5 de maio de 2026, rematando o prazo de alegacións o próximo 26 de maio de 2026 ás 24:00 horas.

Neste período de exposición pública, a Alcaldesa do concello de Larouco, detectou un erro no expediente nunha das subvencións nominativas do seu concello.

A subvención para financiar o Plan Camiña (anualidade 2026), por un importe de 4.354,76 euros, impútase no expediente de MC 4/2026 no capítulo IV de gastos. A natureza real obxecto da subvención consiste na execución dunha obra, polo que debe encadrarse no capítulo VII de gastos.

Polo conseguinte, e sendo **este un caso excepcional**, solicítase o cambio de capítulo de gastos do IV (inicialmente aprobado) ao capítulo VII, manténdose inalterado o obxecto e a contía total da axuda, quedando redactada do seguinte xeito,

- **Aplicación orzamentaria 45012/76299 “ Cooperación provincial. Subv. Nominativas de capital a concellos”**

LAROUCO	Plan Camiña (anualidade 2026)	4.354,76 €
---------	-------------------------------	------------

Segundo.- Esta Presidencia acorda darlle unha nova redacción ás **Bases de execución número 13ª (auméntase a última liña do cadro) e 15ª (cambios nas datas dos RC)** do orzamento vixente, quedando do seguinte xeito,

BASE 13ª.- CRÉDITOS AMPLIABLES

Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, agás

os procedentes de operacións de crédito.

As partidas do orzamento de gastos, que de seguido se relacionan, teñen a consideración de ampliáveis.

Aplicacións orzamentarias	Recursos afectados
33419/22609- Teatro principal: actividades culturais	34400- Teatro principal: prezos públicos por espectáculos
33420/48901- Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias. Plan Tarazona.	34403- Prezos públicos. Bandas e charangas
34211/22608- Pazo dos Deportes "Paco Paz": actividades deportivas	34401- Pazo dos Deportes: prezos públicos por espectáculos
92001/22605- Secretaría Xeral. Indemnizacións patrimoniais	39903- Indemnizacións danos compañías
31331/62702- Plano Ourense provincia Termal. Termalismo	34301- Prezos Públicos. Servizo de Ecobarcos

A ampliación de crédito producirase en función da efectividade dos recursos afectados.

A aprobación correspóndelle ao presidente da Deputación, previo informe da Intervención Xeral.

Base 15ª.- FASES E PROCEDEMENTO DA XESTIÓN DO GASTO.

Onde di “ *Salvo casos excepcionais, non se admitirán novas solicitudes de retención de créditos a partires do 1 de decembro do ano en curso*”, debe dicir “ :

Salvo en supostos excepcionais **debidamente xustificados**, NON se admitiran nova solicitudes de retención de crédito (RC) , a partir das seguintes datas:

- **15 de setembro**, para os expedientes de contratación tramitados conforme a calquera dos procedementos de adjudicación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como para os acordos marco, sistemas dinámicos de adquisición e demais instrumentos de racionalización técnica da contratación pública.
- **15 de novembro**, para os expedientes de contratación tramitados mediante contrato menor, conforme ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Pola Intervención infórmase favorablemente a modificación das Bases de execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, por non supoñer alteracións de carácter cuantitativo no orzamento vixente.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- APROBACIÓN DO INFORME DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025 (EXP. Nº 2026/6295Y)

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta.

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval, deputado non adscrito, manifesta que se trata dun documento contable sen moita máis transcendencia.

Don Bernardo Varela López, do BNG, indica que a conta xeral reflicte datos interesantes, como o feito de que o orzamento provincial tralas dúas modificacións de crédito aprobadas polo Pleno no exercicio de 2025 superou os douscentos millóns de euros e que houbo un remanente de máis de oitenta millóns.

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (2), de Democracia Ourensana (2) e do deputado non adscrito, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Emitir informe favorable á Conta Xeral do exercicio 2025, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2025, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 45.720.881,56 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 89.687.405,51 €
- Balance de situación: 2.060.989.257,50 €
- Resultado económico patrimonial: - 88.743.223,49 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2025, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 945.165,64 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.869.883,18 €
- Balance de situación: 14.947.971,44 €
- Resultado económico patrimonial: - 72.471,83 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2025, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 569.745,58 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 3.090.291,13 €
- Balance de situación: 8.143.540,51 €
- Resultado económico patrimonial: + 235.146,22 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras** do exercicio 2025, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 310.052,72 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 371.331,79 €
- Balance de situación: 1.361.749,69 €
- Resultado económico patrimonial: + 258.385,80 €

2.- Expoñerlle ao público a Conta Xeral indicada, co ditame da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince (15) días, mediante anuncio no BOP e na sede electrónica, durante os cales, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Se se presentan serán examinados pola Comisión Especial de Contas, que practicará tantas comprobacións estime necesarias, e emitirá novo informe.

A conta xeral, acompañada dos informes e das reclamacións ou reparos formulados, someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, se procedese.

En caso de que non se formulen, someterase ao Pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral sen necesidade de novo informe.

8º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.09 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.